PERSONAXES: (F)ernando, (I)nés, (L)ucía, (N)uria, (A)lexia, (A)voa, (R)obot, (P)resentador/a.

Langostinos cocidos

É 24 de decembro pola tarde no centro de Vigo e a familia Vilar xúntase coma tódolos anos na casa da avoa Adelina, para celebrar a noiteboa. Ás oito e media chegan Fernando e Nuria cos seus pais e reencóntranse coas súas primas Alexia, Lucía e Inés, ás cales non viran dende o aniversario desta última. As rapazas sempre viven este acontecemento como algo máis ben aburrido, xa que os pais non fan máis que falar aos berros toda a noite e non lles dá chegado a hora de marchar de festa cos amigos.

A: Buff chicas que aburrimento…despois ides saír ou facer algo?

L: Oxalá… meus pais non me deixan. Din que ata os dezaoito nada. Para un mes que me queda…

I: Iso é porque es a pequena do grupo. Eu pasareime logo polo Ítaca, a ver se vexo a Jimena.

N: E quen é esa tal Jimena?

F: Iso iso, que acabamos de chegar e non nos enteramos de nada.

L: Non vos enterades da política eh? É a crush de Inés

A: Pff Jimena… Esa vai na miña clase e é máis fea…

I: Mmmm bueno, que hai de cear?

F: E ti que crees? O mesmo de sempre. O bacallau con patacas da avoa e de primeiro langostinos. Ah! E espero que este ano sexan cocidos porque o outro ano fritiunos e iso non llo quixo nin o can.

N: O neno, que me saíu exquisito.

(As rapazas collen os móbiles e deixan de falar por un momento)

A: Oes pois falando de langostinos, atopei onte un filtro de Instagram que che cambia a cabeza por un gambón. É boísimo!

I: Bua como mola, déixame probalo. (son foto).

F: Pero fritido ou cocido?

N: Bueno neno, a ver se calas co tema.

A: Isto teño que subilo a insta si ou si (jajaja)

I: Tía nooon. Saio fatal. Borra iso.

A: A mellores amigos muller, que alí non está Jimena, tranquila.

L: A ver deixade os móbiles xa…

I: Que pasa que os teus pais tampouco che deixan usar o móbil ata os dezaoito?

N: Bueno veña non te pases Inés, que ti os cumpriches fai nada.

Entra a avoa: Veña rapazas deixade xa os cacharriños que imos cear.

Todas: Vaale avoa…

(son pratos cena etc)

F: Bua avoa, boísimos os langostinos. Para os outros anos tes que facelos sempre así, cocidos.

N: Mira que es aburridiño.

(os adultos comezan a falar de temas aburridos, coma o fútbol)

L: Joooder… xa están co fútbol outra vez. Que pesadelo.

A: Saímos fora? O seguinte xa será o tema de Cataluña.

I: Imos imos, que aquí non aguanto máis.

Avoa: Onde ides agora?

N: Imos fóra, que non aturamos máis aos teus fillos.

Avoa: Pero como ides saír co frío que vai? Que rapaces… se ides saír subide ao faiado e collede alí roupa de abrigo, que a que traedes non vos tapa nada.

N: Vale avoa, grazas.

(Comezan a subir por escaleiras que chirrían. Abren a porta e entran.)

A: Buff aquí debe haber arañas, gusanos e de todo.

I: E que te esperabas nun faiado? De verdade…

(escóitase de fondo ao resto rebuscando)

L: Ei que é iso? Nuria axúdame a quitar esta saba (ruído de quitar saba)

F: (estornudo) Joder, xa está a puta alerxia.

N: Só é unha cómoda vella.

A: Ei pero o espello mola. Vinde, que sacamos unha foto… Ai non, deixamos os móbiles abaixo.

I: Ti e os móbiles…

A: Ai pero véxome fatal neste espello. Deus.

F: Igual te pasaches cos langostinos.

L: Ei non. Eu tamén me vexo distinta. O meu cabelo parece máis curto.

N: Dios, que me pasa na barriga?!

F: Parece que estás embarazada.

N: Queee? E ti estás practicamente calvo. Que nos pasa?

A: É coma se houbesen pasado moitos anos.

I: Muller, digo eu que non levaremos tanto tempo no faiado.

L: Agarda, e se estamos a vernos no futuro?

F: Bueno bueno, vamos a ver, calma… Temos que estar a flipar. Imos tapar esta merda outra vez, e baixamos a seguir coa cea. Aquí non pasou nada.

N: Mmm sep, paréceme ben.

A: Vale Inés, axúdame a tapalo. Colle por aí.

I: Espera espera, que se me escorre.

PLASSSSS

A: Uy…

N: La que has liao pollito

L: Déixao! Hai que liscar xa de aquí

(Pasos correndo e portazo)

(Silencio)

F: Oe rapazas, qué pasou aquí? Onde está a xente?

I: Xa… E por que está isto tan cambiado? Que son todos estes aparellos?

L: Nuria! A túa barriga!

N: Que carallo… E ti tamén. Estamos igual que no espello.

A: Que é esta roupa? Aquí está a pasar algo moi estraño.

L: Escoitade, temos que buscar nalgures a data de hoxe… E en que ano estamos!

F: Pero que dis, Lucía? Estás a insinuar que viaxamos no tempo?

L: E que outra cousa pode ser? Non se che puido ter caído o pelo nun minuto. Míranos! Nuria incluso parece estar embarazada.

I: Esa pantalla da parede pode que sexa un televisor. Éche ben grande... Onde se acende? Igual nos axuda a aclarar isto.

N: Acéndete!

(A pantalla comeza a emitir son)

A: Moi ben Nuria.

F: Escoitade! Parece un noticiario.

PRESENTADOR:(sonido ráfaga informativos)

El presidente en funciones Francisco Nicolás anuncia los miembros del gobierno de su cuarta legislatura. Su formación política VOX obtuvo una mayoría parlamentaria de 180 diputados en las elecciones generales que se llevaron a cabo el pasado domingo en twitter, las décimo quintas en los últimos 10 años. Las principales carteras del ejecutivo estarán en manos de conocidos cargos de este partido de centro-izquierda entre los que destacan el antiguo líder de Ciudadanos y campeón de paddle surf, Albert Rivera; el cómico Arturo Pérez Reverte y el ex-terrorista Maluma.

(sonido ráfaga informativos)

Los líderes progresistas critican este nuevo gobierno que Vox ha conformado gracias a los apoyos de formaciones ultraderechistas como Siervos de Cristo, las SS y el Imperio Galáctico, encabezado recordemos, por Darth Vader. Las fuerzas de izquierda radical,

bolivariana, etarra y malaoliente temen que se perpetuen medidas como las aplicadas en los últimos años, refiriéndose a la abolición de las autonomías y la re inhumación de Franco en el Valle de los Caídos, entre otras.

(sonido ráfaga informativos)

Se ultiman los preparativos para el mensaje navideño de su Majestad el Rey, que este año ofrecerá su discurso en realidad virtual para que los espectadores no pierdan detalle de la decoración del despacho. Se espera que el monarca haga referencia a la recién fundada República catalana en los bosques de Siberia por el expresident Puigdemont.

Buenas noches y que tengan una buena cena de Natividad de Nuestro Señor. Que Dios les acompañe para finalizar este año 2035.

A: Que carallo está pasando!?

I: Pois parece que Lucía vai ter razón… que loucura.

N: Que mundo de tolos é este? Por Deus temos que volver á nosa casa xa. A nosa casa de verdade.

L: Pero acabades de escoitar? O futuro está gobernado por non sei que de Cristo e un tipo chamado Darth Vader xunto con Vox.

A: A min todo isto paréceme unha broma de mal gusto. Seguro que está toda a familia rindo de nós fóra.

(ruído de abrir a porta)

F: Pois a min paréceme que non…

Os rapaces saen á rúa, iluminada polas grandes pantallas cheas de anuncios e noticias. Soan panxoliñas por grandes altofalantes. A cidade esta moi decorada con luces de nadal e unha gran árbore de plástico xunto á Porta do Sol. As rúas son sobrevoadas por drons que levan agasallos de última hora baixo un holograma de Papá Noel.

A: Oes os coches aínda non voan pero contaminan ben.

I: Que asco, so se respira polvillo. (tuse)

F: Deus como pode facer tanta calor de noite? Se estamos en decembro!

L: Supoño que o quecemento global. Non se ve a cidade moi ecolóxica. Mirade, hai pantallas por todas partes.

N: Que dor de cabeza. Isto de estar embarazada non mola.

I: Isto xa semella Times Square!

(ruídos de pasos, móvense pola cidade)

F: Eh! Mirade o parque no que xogabamos sempre! É unha maldita cúpula de cristal.

N: Pobres nenos. Todos xogando con maquiniñas encerrados como ratos.

F: E que é iso que hai no medio que hai tantos nenos facendo cola?

I: Parece unha especie de nave espacial. Será unha atracción.

L: Aquí pon “Entra y conviértete en un perfecto militar para defender a tu patria!”

A: A ver a ver, estamos tolos ou que?

L: Non se supón que é o día de Nadal? Que fan que non están ceando na casa?

F: Seguro que xa nin hai langostinos para comer.

N: Falando de comida, estame entrando a fame. Esa tenda parece aberta, pillamos algo para comer?

I: Como vai estar aberta se son as dez da noite. E como podes ter fame por deus Nuria. Non ves o que esta a pasar?

N: Bueno e que ti non estás embarazada e non tes antollos, ou si?

A: Veña, veña. Imos calmarnos. Pillamos algo rápido e logo seguimos pensando que facer.

(os rapaces andan e entran no super, son portas corredeiras, clin clin escóitase unha voz robótica que lles dá a benvida)

R (robot): Buenos días, que producto necesitan? Les informamos que tenemos una oferta para el día de hoy: langostinos deshidratados a mitad de precio. Disfruten de su cena, Amén. (música cristiá)

F: Bueno bueno bueno, teñen que estar de broma. Isto non son langostinos nin nada, mirade a foto do envoltorio, parecen de plástico!

I: Ai mira, que asco.

N: Vou ver se encontro algo de chocolate, a ver se aínda non está deshidratado. Esperádeme aquí.

A: Non hai ninguén aquí que nos poda atender que non sexa un robot?

L: Non xa, alguén de carne e oso…

R (robot): procesando….traductor… (sonido error) Por favor, inténtelo de nuevo.

F: Que carallo? Non nos entende o cacharro este.

R (robot): (sonido afirmativo) Entendido. Está usted utilizando el idioma gallego, lengua en desuso desde el año 2025. No se encuentra entre mis opciones. Por favor, sea un buen ciudadano y emplee el idioma oficial del Estado español.

N: (cansada) Bueno chicas, marchamos xa?

I: Si, imos antes de que nos denuncie por falar galego.

R (robot): la próxima vez recuerden que tienen a su disposición nuestro servicio online a domicilio para no gastar su energía. Buenas noches y feliz Nochebuena. (canción cristiá)

(son portas corredeiras, clin clin, son de pasos)

L: Rapazas, poderíamos ir pensando como imos facer para volver a casa.

A: Tés razón... A ver, todo comezou co raio do espello.

F: E se probamos a volver a vernos nel?

I: Pero está roto…

N: Maldito espello. Debe estar embruxado

I: E se intentamos arranxalo?

A: Anda Inés non digas parvadas. Como imos arranxalo.

N: Con loctite se che parece…

I: Bueno tranquilidade… É que aquí non vexo que ninguén propoña nada.

F: Oxalá soubera que facer.

N: E se imos á nosa casa? É a que está máis preto.

F: Ou estaba.

(pasos camiñando)

I: Espera, escoitades iso?

(escoitase unha voz que a chama)

L: Inés, que dis?

N: Eu so escoito as panxoliñas.

A: Anda veña, canto antes cheguemos mellor.

I:Que non joder, en serio. Escoitade.

(a voz escoitase de novo)

A: De verdade déixate de parvadas e imos. Veña.

F: A ver Inés non quedes aí parada.

I: Pe...pero…

N: Mirade iso… Inés non eres ti?

I: Que? Onde?

F: Alí nesa pantalla enorme.

L: “Inés Vilar, Premio Extraordinario por descubrir la cura contra la homosexualidad”.

(silencio suspense, latir corazón)

N: Inés como puideches facer iso?

A: Iso Inés.

L: Iso (comeza a aumentar o barullo, que mesturase coas conversas dos seus familiares no salón da avoa)

Avoa: Inés, Inés, esperta. Veña, Inés. (son nítido) Esperta, imos cear xa. Acaban de chegar os teus primos.

Inés: Que? Ah… vale. Lavo a cara un pouco e vou xa para a mesa.